

## ÍNDICE

|                                                                       |    |
|-----------------------------------------------------------------------|----|
| <b>Introdución</b>                                                    | 4  |
| <b>I Organización dos recursos preventivos</b>                        | 5  |
| 1 Servizo de prevención propio da USC                                 | 7  |
| 1.1. Dotación do servizo de prevención da USC                         | 8  |
| 1.2. Contratacións e colaboracións no ano 2025                        | 10 |
| 2 Servizo de prevención concertado                                    | 11 |
| 2.1. Dotación do servizo de prevención concertado                     | 12 |
| 3 Funcións do SPR                                                     | 13 |
| <b>II Actividades xerais do SPR</b>                                   | 14 |
| 1 Avaliacións de riscos                                               | 16 |
| 1.1 Avaliacións iniciais                                              | 17 |
| 1.1.1 Avaliacións iniciais                                            | 17 |
| 1.1.2 Actualización das avaliacións iniciais                          | 18 |
| 1.1.3 Avaliación psicosocial                                          | 20 |
| 1.2 Avaliacións específicas                                           | 21 |
| 1.2.1 Área de Hixiene                                                 | 21 |
| 1.2.2 Área de Ergonomía e Psicosocioloxía                             | 21 |
| 1.2.3 Avaliacións específicas para protección da maternidade          | 22 |
| 1.2.5 Plans de autoprotección                                         | 23 |
| 2 Medidas de prevención e protección                                  | 24 |
| 2.1 Medidas de control dos riscos                                     | 24 |
| 2.1.1 Implantación das medidas de control dos riscos                  | 25 |
| 2.1.2 Seguimento das medidas de control dos riscos                    | 26 |
| 2.2 Información                                                       | 27 |
| 2.3 Formación                                                         | 28 |
| 2.3.1 Cursos de formación impartidos                                  | 28 |
| 2.3.1.1 Cursos do plan xeral                                          | 28 |
| 2.3.1.3 Cursos de situacións de emerxencia para equipos de emerxencia | 29 |
| 2.4 Documentación                                                     | 30 |
| 2.4.1 Documentación de Carácter Xeral                                 | 30 |
| 2.4.2 Documentación do sistema integrado de xestión ISO 45001         | 30 |
| 2.5 Plans de autoprotección e plans de emerxencia                     | 31 |
| 2.5.1 Elaboración e implantación de novos plans de autoprotección     | 32 |
| 2.5.2 Revisión de plans de autoprotección                             | 33 |
| 2.5.3 Mantemento de plans de autoprotección                           | 34 |
| 2.5.4 Elaboración de novos plans de emerxencia                        | 36 |

|            |                                                                           |           |
|------------|---------------------------------------------------------------------------|-----------|
| 2.5.5      | Revisión de plans de emerxencia.....                                      | 36        |
| 2.5.6      | Rexistro de plans de autoprotección.....                                  | 36        |
| 2.6        | Vixilancia da saúde .....                                                 | 37        |
| 2.7        | Outras actividades de prevención e protección .....                       | 39        |
| 2.7.1      | Xestión de equipos de protección individual .....                         | 40        |
| 2.7.2      | Protección da maternidade .....                                           | 41        |
| 2.7.3      | Protección do persoal especialmente sensible .....                        | 42        |
| 2.7.4      | Coordinación de actividades empresariais .....                            | 43        |
| 2.7.5      | Proxectos e adquisicións .....                                            | 44        |
| 2.7.6      | Desinfección, desinsectación e desratización .....                        | 45        |
| 3          | Medidas de seguimento e control .....                                     | 46        |
| 3.1        | Accidentes de traballo e enfermidades profesionais .....                  | 46        |
| 3.1.1      | Investigación de accidentes e enfermidades profesionais .....             | 47        |
| 3.1.2      | Estatística de accidentes .....                                           | 48        |
| 3.1.3      | Identificación e investigación de enfermidades profesionais .....         | 60        |
| 3.2        | Comunicados de riscos .....                                               | 62        |
| 3.2.1      | Comunicados. Condicións comunicadas e actuacións xeradas .....            | 63        |
| 3.2.2      | Procedencia dos comunicados de riscos .....                               | 64        |
| 3.2.3      | Condicións comunicadas .....                                              | 65        |
| 3.2.4      | Actuacións xeradas .....                                                  | 66        |
| 3.3        | Inspeccións de seguridade. Observacións do traballo e controis .....      | 67        |
| 4          | Reunións .....                                                            | 68        |
| 4.1        | Reunións Xerais do SPR .....                                              | 69        |
| 4.2        | Outras reunións do SPR .....                                              | 70        |
| 4.3        | Reunións do Comité de Seguridade e Saúde .....                            | 71        |
| 5          | Sistema de xestión ISO 45001 .....                                        | 72        |
| 5.1        | Mantemento do sistema .....                                               | 73        |
| 5.1.1      | Implantación dos requisitos da especificación ISO 45001 .....             | 74        |
| 5.1.2      | Estrutura do sistema .....                                                | 75        |
| 5.2        | Auditorías e mantemento da certificación .....                            | 76        |
| 5.3        | Actividades específicas do sistema .....                                  | 77        |
| <b>III</b> | <b>Outras actividades específicas do SPR .....</b>                        | <b>78</b> |
| 1          | Vixilancia da saúde .....                                                 | 79        |
| 1.1        | Actividades de vixilancia da saúde .....                                  | 80        |
| 1.1.1      | Educación sanitaria, promoción da saúde e prevención de enfermidade ..... | 80        |
| 1.1.2      | Vixilancia da saúde .....                                                 | 81        |
| 1.2        | Actuacións realizadas .....                                               | 82        |
| 1.2.1      | Recoñecementos médicos .....                                              | 82        |
| 1.2.2      | Probas realizadas (análises e test de diagnose rápida) .....              | 83        |
| 1.2.3      | Probas complementarias (probas e controis) .....                          | 84        |
| 1.2.4      | Consultas e tratamentos .....                                             | 85        |

MEMORIA DO SERVIZO DE PREVENCIÓN DE RISCOS

ANO 2025

|       |                                                            |     |
|-------|------------------------------------------------------------|-----|
| 1.2.5 | Accidentes de traballo .....                               | 86  |
| 1.2.6 | Certificados e informes emitidos .....                     | 87  |
| 1.2.7 | Vacinas .....                                              | 88  |
| 1.2.8 | Outras actuacións .....                                    | 89  |
| 2     | Protección radiolóxica.....                                | 90  |
| 2.1   | Vixilancia da radiación.....                               | 91  |
| 2.2   | Control.....                                               | 92  |
| 2.3   | Documentación e arquivos.....                              | 93  |
| 2.4   | Planificación e seguimento das instalacións.....           | 94  |
| 2.5   | Actividades de formación e información .....               | 95  |
| 3     | Xestión de residuos .....                                  | 96  |
| 3.1   | Xeneralidades .....                                        | 96  |
| 3.2   | Actividades de xestión de residuos .....                   | 96  |
| 3.3   | Resíduos Perigosos .....                                   | 97  |
| 3.4   | Resíduos non perigosos .....                               | 101 |
| 3.5   | Subprodutos animais non destinados ao consumo humano ..... | 105 |
| 3.6   | Desviacións das boas prácticas.....                        | 105 |
| 3.7   | Outras actividades .....                                   | 107 |

## INTRODUCCIÓN

O Real Decreto 39/1997 que aproba o regulamento dos servizos de prevención, dispón que a empresa deberá elaborar anualmente e manter a disposición das autoridades laborais e sanitarias competentes a memoria anual do seu servizo de prevención.

Asemade, a Lei 31/1995 de prevención de riscos laborais, dispón que o Comité de Seguridade e Saúde (en adiante CSS) está facultado para coñecer e informar a memoria anual dos servizos de prevención.

De acordo coa normativa de aplicación vixente é obxecto da presente memoria:

- Dar cumprimento ao disposto na lei de prevención de riscos laborais e no regulamento dos servizos de prevención respecto da elaboración da memoria anual dos servizos de prevención.
- Recoller a organización dos recursos preventivos da USC.
- Recoller as actuacións máis relevantes levadas a cabo polo Servizo de Prevención de Riscos da USC (en adiante SPR) no ano 2025.
- Presentar ao CSS, para o seu coñecemento e informe, a memoria de actividades do SPR correspondentes ao ano 2025.
- Poñer a disposición das autoridades laborais e sanitarias competentes a memoria de actividades do SPR correspondente ao ano 2025.

## I. ORGANIZACIÓN DOS RECURSOS PREVENTIVOS

A Lei 31/1995 de prevención de riscos laborais e o Real Decreto 39/1997 do regulamento dos servizos de prevención e as súas normativas de desenvolvemento obrigan a deseñar, implantar e aplicar un “plan de prevención de riscos laborais”, que debe incluír a asignación dos recursos necesarios para levar a cabo a actividade preventiva.

A USC é unha organización complexa que dispón dunha multiplicidade de centros e dependencias cunha localización xeográfica dispersa: varios campus situados en dúas cidades distintas. A USC conta cun elevado número de traballadores e traballadoras, pertencentes a colectivos diferenciados tanto na actividade desenvolvida como no réxime legal aplicable á súa relación contractual.

A complexidade da USC, desde o punto de vista da prevención de riscos laborais evidénciase tamén na multiplicidade de factores de risco presentes, tanto nos seus centros de traballo como nas distintas actividades profesionais desenvolvidas.

Tendo en conta todo o anterior, dentro das posibilidades de organización preventiva que recolle a lexislación de aplicación, atendendo ao número de persoas que ocupa, a USC está obrigada a dotarse dun servizo de prevención propio.

Atendendo ademais á complexidade da estrutura organizativa, actividades profesionais e factores de risco presentes nas distintas unidades e postos de traballo, faise necesario complementar os recursos destinados pola propia USC á actividade preventiva coa aportación de persoal técnico e medios externos. Para iso a USC concertou no ano 2025 parte da súa actividade preventiva de asesoramento e apoio con QUIRÓNPREVENCIÓN.

Asemade contratou parte da actividade da medicina do traballo realizado polo Servizo de Vixilancia da Saúde a QUIRÓNPREVENCIÓN que aportou unha médico a tempo completo, un enfermeiro a tempo completo e un enfermeiro a media xornada.

## 1. SERVIZO DE PREVENCIÓN PROPIO DA USC

O SPR constitúe unha unidade organizativa específica dentro da estrutura organizativa da USC. Os integrantes do SPR dedícanse de xeito exclusivo á prevención de riscos laborais na USC.

O persoal técnico integrante do SPR realiza a súa actividade de xeito coordinado, particularmente en relación coas funcións relativas ao deseño preventivo dos postos de traballo, á identificación e avaliación de riscos, aos plans de prevención e aos plans de formación do persoal da USC. Deste xeito garántese a necesaria interdisciplinabilidade entre as distintas áreas que compoñen o SPR.

O SPR conta coas instalacións e medios materiais precisos para realizar as tarefas preventivas que lle corresponde desenvolver. En todo caso o concerto coa entidade contratada como servizo de prevención complementa, naqueles casos para o que resulta necesario, a dotación de medios materiais que se precisan para levar a cabo a actividade preventiva na USC.

Ademais do xa indicado, de acordo co esixido no Real Decreto 39/1997 do regulamento dos servizos de prevención, a actividade sanitaria conta para o desenvolvemento das súas funcións coa estrutura e os medios axeitados, cumprindo tamén cos requisitos establecidos na normativa sanitaria de aplicación.

### 1.1. DOTACIÓN DO SERVIZO DE PREVENCIÓN DA USC

O Servizo de Prevención Propio da USC conta coas disciplinas de Seguridade e Medicina do Traballo, dotándose de persoal técnico con formación superior en ambas as dúas.

No Servizo de Prevención Propio da USC intégranse as áreas de Servizo de Protección Radiolóxica e Unidade de Xestión de Residuos, dirixidas igualmente por persoal técnico de nivel superior. Completa a estrutura do Servizo de Prevención Propio da USC unha Oficina de Xestión da Prevención.

O Servizo de Prevención Propio da USC completa a súa dotación con persoal que ten asignadas funcións de niveis superior, medio e básico; contando coa capacitación necesaria para o desempeño destas funcións.

En definitiva, a dotación do Servizo de Prevención Propio da USC é a reflectida no seguinte cadro:

| XERENCIA                                      |                                                                                                              |                                                           |                                      |                                                |
|-----------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------|--------------------------------------|------------------------------------------------|
| SEGURIDADE<br>NO TRABALLO                     | SERVIZO DE<br>VIXILANCIA DA<br>SAÚDE                                                                         | SERVIZO DE<br>PROTECCIÓN<br>RADIOLÓXICA                   | UNIDADE DE<br>XESTIÓN DE<br>RESIDUOS | OFICINA DE<br>XESTIÓN                          |
| 1 Responsable de<br>Seguridade no<br>Traballo | 1 Directora do<br>Servizo (médico do<br>traballo)                                                            | 1 Directora do<br>Servizo de<br>Radioisótopos             | 1 Responsable<br>da Unidade          | 1 Director da<br>Oficina                       |
|                                               | -1 médico do<br>traballo (Campus de<br>Santiago)<br>-1 médico do traballo<br>(Campus de Lugo –<br>Sen dotar) |                                                           |                                      | -1 Técnico de<br>Prevención.                   |
|                                               | -2 diplomados en<br>enfermería de<br>empresa(Santiago)<br>-1 Diplomada en<br>enfermería de<br>empresa (Lugo) | 1 Técnica<br>especialista en<br>protección<br>radiolóxica |                                      |                                                |
|                                               | 1 Administrativo<br>posto base no<br>Campus de Santiago                                                      |                                                           |                                      | 1 Administrativo<br>posto base (non<br>dotada) |

## 1.2. CONTRATACIÓNS E COLABORACIÓNS NO ANO 2025

Durante o ano 2025 o SPR, é as áreas que o compoñen, non contaron con contratacións temporais ou colaboracións. Actualmente non está dotada a praza de médico no campus de Lugo, o non dispor de lista de contratación. Púxose en marcha a oposición para a cobertura definitiva de unha praza de médico do traballo

## 2. SERVIZO DE PREVENCIÓN CONCERTADO

Non sendo suficientes os recursos dos que dispón o Servizo de Prevención Propio da USC para atender a actividade preventiva que reclama a diversidade e complexidade de lugares de traballo, actividades, organización produtiva e factores de risco presentes, a USC recorre a concertar parte da actividade preventiva co servizo de prevención alleo QUIRÓNPREVENCIÓN.

A USC ten concertado por escrito a prestación da actividade preventiva por parte do servizo de prevención alleo, de acordo co disposto no Real Decreto 39/1997 do regulamento dos servizos de prevención.

Tamén contratou parte da actividade da medicina do traballo realizada polo Servizo de Vixilancia da Saúde a QUIRÓNPREVENCIÓN.

Asemade, en relación co disposto na Lei 31/1995 e no Real Decreto 604/2006, a USC consultou á representación legal dos traballadores e traballadoras, con carácter previo, a decisión de concertar parte da súa actividade preventiva.

## 2.1. DOTACIÓN DO SERVIZO DE PREVENCIÓN CONCERTADO

A USC concertou con QUIRÓNPREVENCIÓN as disciplinas de Hixiene Industrial e Ergonomía e Psicosocioloxía.

A USC concertou con QUIRÓNPREVENCIÓN un apoio para a disciplina de Seguridade.

A USC concertou con QUIRÓNPREVENCIÓN un apoio ao Servizo de Vixilancia da Saúde para realización das actividades da disciplina de Medicina do Traballo.

A USC concertou con QUIRÓNPREVENCIÓN un apoio para a coordinación de actividades empresariais

En definitiva, os recursos humanos que QUIRÓNPREVENCIÓN aportou son os que se relacionan no seguinte cadro:

|                                                             |                                   |                                                                                                        |
|-------------------------------------------------------------|-----------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>DISCIPLINAS<br/>CONCERTADAS</b>                          | HIXIENE INDUSTRIAL                | 1 técnico superior                                                                                     |
|                                                             | ERGONOMÍA E<br>PSICOSOCIOLOXÍA    | 1 técnico superior                                                                                     |
| <b>APOIO AO SERVIZO DE<br/>PREVENCIÓN PROPIO<br/>DA USC</b> | SEGURIDADE                        | 3 técnicos superiores (1<br>xestionando coordinación)                                                  |
|                                                             | SERVIZO DE VIXILANCIA<br>DA SAÚDE | 1 médico<br>1 diplomado en enfermería a<br>tempo total<br>1 diplomado en enfermería a<br>tempo parcial |

### 3. FUNCÍONS DO SPR

De acordo co recollido na Lei 31/1995 de prevención de riscos laborais e no Real Decreto 39/1997 do regulamento dos servizos de prevención, o SPR proporciona o asesoramento e apoio que se precisa respecto de:

- O deseño, implantación e aplicación dun “plan de prevención de riscos laborais” que inclúa a estrutura organizativa, responsabilidades, funcións, recursos, procedementos, prácticas e procesos.
- O deseño, aplicación e coordinación dos plans e programas de actuación preventiva.
- A avaliación dos factores de risco que poidan afectar á seguridade e saúde do persoal da USC.
- A determinación das prioridades na adopción das medidas preventivas axeitadas e a vixilancia da súa eficacia.
- O seguimento das accións preventivas.
- A información e formación dos traballadores e traballadoras da USC.
- A prestación dos primeiros auxilios e plans de emerxencia.
- A vixilancia da saúde do persoal da USC en relación cos riscos derivados do traballo.
- O rexistro e estatísticas de accidentes de traballo.
- A xestión da documentación que se xere relacionada coa prevención de riscos laborais.
- O fomento dunha cultura preventiva e a promoción da prevención.
- Calquera outra función que poida ser encomendada e asumida en función da lexislación en materia de prevención de riscos laborais vixente e da política preventiva da USC.

## II. ACTIVIDADES XERAIS DO SPR

Durante o ano 2025 o SPR planificou as súas distintas actividades preventivas, planificación que, con carácter previo á súa implantación, foi sometida a consulta do CSS.

Aínda que sexan imputables a cada área das indicadas con anterioridade as actividades específicas que lle son propias, a obrigada interdisciplinariedade que o SPR asume como sistemática do seu funcionamento, permite que a planificación sexa coparticipada e tanto esta como a implantación das distintas medidas obedeza a unha visión global e conxunta da prevención de riscos laborais na USC.

Nesta memoria relaciónanse as actividades máis salientables levadas a cabo no ano 2025. A súa evidencia e constancia documental está nos rexistros xerados por esas actividades e arquivados polo SPR.

Unha vez superada a pandemia provocada pola COVID-19, volveuse a programar actividades presenciais nas que se podían producir acumulación de persoas.

Isto non eliminou a oportunidade e os coñecementos que a comunicación online permitiu, o longo destes anos de pandemia, e especificamente a formación (cursos do plan xeral e cursos de situación de emerxencias para equipos de emerxencia) permitiunos chegar de forma máis ampla a máis persoal. Igualmente, foi máis fácil acceder a realización de reunións coa finalidade de asesorar os centros na implantación da prevención. Da mesma maneira as reunións do grupo de traballo de prevención de riscos laborais da ISO 45001, decidiuse mantelas online.

## 1. AVALIACIÓNS DE RISCOS

De acordo coa planificación xeral elaborada polo SPR e sometida a consulta do CSS, no ano 2025 realizáronse as avaliacións iniciais de risco dos centros que deron comezo ás súas actividades.

Procedeuse á actualización de avaliacións de riscos de acordo cos criterios de planificación e priorización contidos no “procedemento de avaliación de riscos e implantación de medidas de control”.

Como consecuencia de proposta derivada das avaliacións iniciais de risco, da obrigatoriedade de realizar controis periódicos, comunicados de risco recibidos ou resultados das actividades de vixilancia da saúde, realizáronse avaliacións específicas ou estudos específicos de determinados postos de traballo.

Dentro do apartado de avaliacións de riscos específicos, deben considerarse as postas en conformidade de equipos de traballo, que se realizaron para a súa adecuación ao establecido no Real Decreto 1215/1997 sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo.

## 1.1. AVALIACIÓNS INICIAIS

### 1.1.1. Avaliacións iniciais

O SPR realiza as avaliacións iniciais dos centros que entran en funcionamento, de acordo co establecido no “procedemento de avaliación de riscos e implantación das medidas de control”.

A realización de avaliacións iniciais de centros de nova construción implica reducir a realización de actualizacións de avaliacións iniciais programadas para ese mesmo ano, de xeito que o tempo total adicado á realización de avaliacións iniciais e actualizacións de avaliacións iniciais sexa o requirido para a totalidade dos centros planificados para ese ano.

No ano 2025 non se realizaron avaliacións iniciais.

### 1.1.2. Actualización das avaliacións iniciais

As seguintes actualizacións de avaliacións realizáronse no ano 2025:

- Cámara Anecoica
- Capela do Campus Sur
- Casa da Concha
- Centro de Apoio Científico e Tecnolóxico (CACTUS Santiago)
- Colexio de San Xerome (Reitoría)
- Aulario de Intelixencia Artificial (Emprendia)
- Escola de Doutoramento Internacional (EDIUS)
- Facultade de Administración e Dirección de Empresas
- Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais
- Facultade de Enfermería
- Instituto da Lingua Galega (ILG)
- Instituto de Estudos e Desenvolvemento de Galicia (IDEGA)
- Parque Móbil
- Servizo de Instrumentación Científica
- Servizo de Prevención de Riscos (SPR)
- Soprado de Vidro

En función das necesidades de priorizar estimadas polo SPR e de acordo co xa establecido na programación 2025, realizáronse tamén as dos seguintes centros, que non figuraban na programación:

- Escola de Práctica Xurídica
- Observatorio Astronómico

- Facultade de Ciencias da Educación – Polo Creativo

Das avaliacións que figuran na “programación 2025” non se realizaron as seguintes:

- Área Infraestructuras
- Centro de Biomedicina Experimental (CEBEGA)
- Centro de Estudos Propios (CEP)
- Centro de Investigacións Biolóxicas (CIBUS)
- Facultade de Física (Bloques I,II,III)
- Facultade de Xeografía e Historia
- Pavillón Estudiantil

### 1.1.3. Avaliación psicosocial

O CSS tomou decisión de constituír o grupo de traballo para a posta en marcha da avaliación psicosocial da USC coa nova versión 2.1 do método COPSOQ.

Na reunión do CSS de novembro de 2023 decidiuse a posta en marcha do grupo de traballo. Este grupo constituíse e iniciou a súa labor.

No ano 2025 fixéronse tódolos traballos previos e do 7 ao 17 de outubro púxose a disposición de todo o persoal o cuestionario.

Realizado o test e elaborado o informe preliminar convocouse o grupo de traballo, para tomar decisións e elevar os resultados ao CSS.

Cabe destacar que a participación foi moi baixa (21,5%).

## 1.2. AVALIACIÓNS ESPECÍFICAS

### 1.2.1. Área de Hixiene

No ano 2025 realizáronse as avaliacións que se relacionan a continuación:

| CENTRO               | SECCIÓN/POSTO           | AVALIACIÓN            |
|----------------------|-------------------------|-----------------------|
| Infraestruturas      | Xardinería              | Ruído                 |
| Deportes             | Campo de Fútbol         | Ruído                 |
| Deportes             | Estadio de atletismo    | Ruído                 |
| CACTUS               | Espectrometría de Masas | Ruído                 |
| Emprendia            | PAIS                    | Confort Acústico      |
| Pavillón Estudiantil | EUNIWELL                | Condicións Ambientais |
| Reitorado            | SXOPRA                  | Condicións Ambientais |
| CITIUS               | CPD                     | Ruído                 |
| Emprendia            | Despacho                | Confort Acústico      |

### 1.2.2. Área de Ergonomía e Psicosocioloxía

No ano 2025 realizáronse as avaliacións que se relacionan a continuación:

| CENTRO               | SECCIÓN/POSTO | AVALIACIÓN |
|----------------------|---------------|------------|
| Xeografía e Historia | Despacho      | PVD        |

|                      |          |             |
|----------------------|----------|-------------|
| Xeografía e Historia | Historia | Psicosocial |
|----------------------|----------|-------------|

### 1.2.3. Avaliacións específicas para protección da maternidade

No ano 2025 realizáronse as avaliaci3ns que se relacionan a continuaci3n:

| CENTRO                                   | DEPARTAMENTO /<br>SECCI3N                           | POSTO                             |
|------------------------------------------|-----------------------------------------------------|-----------------------------------|
| ETSE                                     | Enxeñería Química                                   | Investigadora Asociada            |
| IARQUS                                   |                                                     | Investigadora Colaboradora        |
| CIQUS                                    |                                                     | Investigadora Postdoutoral        |
| Facultade de Química                     | Química Analítica, Nutrici3n<br>e Bromatoloxía      | Técnico Superior de Investigaci3n |
| Facultade de Veterinaria / Rof<br>Codina |                                                     | Técnico Superior de Investigaci3n |
| CIMUS                                    | NeurObesity Group                                   | Investigadora Asociada            |
| IMATUS / Farmacia                        | Farmacoloxía, Farmacia e<br>Tecnoloxía Farmacéutica | Investigadora Asociada            |

### 1.2.5. Plans de autoprotección

O documento dos plans de autoprotección vén a representar unha avaliación de riscos do centro en canto que fai unha análise dos riscos potenciais derivados da situación e actividade que se desenvolve no centro. É así que o plan de autoprotección realiza un estudo dos riscos e establece a avaliación do nivel de risco de cada unha das unidades que conforman o centro.

Asemade, a definición nos plans de autoprotección das accións a desenvolver para o control das emerxencias que se puideran producir, inclúe unha clasificación dos riscos identificados.

A relación das actividades relacionadas cos plans de autoprotección recóllese no punto 2, apartado 2.5. desta memoria.

## 2. MEDIDAS DE PREVENCIÓN E PROTECCIÓN

### 2.1. MEDIDAS DE CONTROL DOS RISCOS

As avaliacións de riscos son informadas no CSS, no que tamén se consultan as medidas de control dos riscos detectados nas avaliacións e a planificación da implantación desas medidas. A posta en marcha das distintas medidas tendentes a eliminar ou reducir os riscos detectados constitúe a actividade preventiva ordinaria que compete ao conxunto da estrutura organizativa da USC, en función da responsabilidade que as distintas persoas e órganos teñen en virtude da súa posición xerárquica.

Nesta actividade preventiva o SPR, ademais de executar e participar na aplicación das medidas que son da súa competencia, exerce as súas funcións de apoio e asesoramento para que se poidan levar a cabo as medidas propostas e as distintas persoas e órganos poidan cumprir coas súas responsabilidades e exercer as súas competencias.

A aplicación das distintas medidas de protección e prevención lévase a cabo priorizándose en función do resultado da valoración dos riscos e dos recursos dispoñibles. No momento da propia avaliación de riscos xa se propón a persoa responsable ou unidade á que compete a execución destas medidas e, posteriormente, infórmase a estas persoas e unidades sobre as medidas que lle corresponde aplicar.

### 2.1.1. Implantación das medidas de control dos riscos

Segundo as características das medidas de protección e prevención a aplicar corresponderá a súa execución a:

- Dirección do centro, servizo ou unidade á que pertence a avaliación.
- Persoa responsable directa do posto de traballo.
- Os propios traballadores e traballadoras.
- Xerencia.
- Infraestruturas.
- SPR.

No transcurso do ano 2025 as medidas de control de riscos propostas nas avaliacións e informadas polo SPR foron as correspondentes ás avaliacións realizadas nese ano que figuran relacionadas nesta memoria. O detalle sobre cada unha das medidas de control de riscos e persoa ou unidade que a executa figura na documentación relativa a cada unha das avaliacións de riscos arquivadas nos locais do SPR.

Asemade, figuran arquivadas nos locais do SPR as comunicacións realizadas ás distintas persoas e unidades responsables de executar medidas de control dos riscos avaliados.

### 2.1.2. Seguimento das medidas de control dos riscos

Ademais de efectuar as inspeccións de seguridade que procedan e planificar a actualización das avaliacións iniciais de riscos, requírese das direccións dos centros e servizos, responsables de postos de traballo, a confirmación de que as medidas foron efectivamente aplicadas.

As certificacións da execución das medidas de control dos riscos, así como as certificacións de que os responsables dos distintos centros teñen cumprido coas súas obrigas de información ao persoal ao seu cargo sobre os riscos detectados e as medidas a aplicar, están arquivadas nos locais do SPR.

## 2.2. INFORMACIÓN

En cumprimento da Lei 31/1995 de prevención de riscos laborais, os traballadores e traballadoras deben recibir todas as informacións necesarias referentes aos riscos para a súa seguridade e saúde, as medidas e actividades de protección e prevención aplicables aos devanditos riscos e as medidas de emerxencia a aplicar en caso de accidente.

Para facilitar o cumprimento da obriga de información sobre os riscos detectados e as medidas de control dos riscos a adoptar, o SPR proporciona á USC a documentación necesaria para que os traballadores e traballadoras sexan axeitadamente informados polas persoas responsables dos distintos centros, servizos e distintas unidades nas que presta servizos o persoal da USC.

No ano 2025 o SPR procesou a documentación das avaliacións de riscos dos postos de traballo que se relacionan nas avaliacións realizadas durante o ano, para facilitar ás persoas con responsabilidade sobre eses postos a información ao persoal ao seu cargo sobre os riscos presentes e medidas a aplicar.

A documentación acreditativa da información sobre o resultado das avaliacións realizadas, transmitida ás persoas responsables dos distintos postos de traballo obxecto de avaliación, está arquivada nos locais do SPR.

## 2.3. FORMACIÓN

### 2.3.1. Cursos de formación impartidos

#### 2.3.1.1. Cursos do plan xeral

| NOME CURSO                                                                                                                                                 | CAMPUS   | HORAS     | ASISTENTES |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------|-----------|------------|
| Seguridade no traballo en laboratorios                                                                                                                     | En Liña  | 2         | 48         |
| A convivencia na USC. O Protocolo de actuación fronte ao acoso psicolóxico, a violencia psicolóxica e outras situacións de conflito relacional no traballo | En liña  | 2         | 95         |
| Curso básico en mediación na USC                                                                                                                           |          | 20        | 6          |
| Prevención de riscos en almacenamento e manipulación de produtos químicos                                                                                  | En liña  | 2         | 45         |
| Sobrecarga da voz                                                                                                                                          | En liña  | 2         | 47         |
| Como xestionar situacións de risco psicolóxico do alumnado nas aulas                                                                                       | Santiago | 8         | 22         |
| Educación da voz: prevención de patoloxías vocais en docentes                                                                                              | Santiago | 8         | 12         |
| Prevención de riscos en postos de oficina                                                                                                                  | En liña  | 2         | 108        |
| Formación básica en prevención de riscos laborais para PDI                                                                                                 | En Liña  | 2         | 56         |
| Manipulación manual de cargas                                                                                                                              | En liña  | 2         | 75         |
| Operacións menores na prevención e control de lexionela segundo o RD 487/2022                                                                              | En liña  | 2         | 26         |
| Xestión de residuos e a súa manipulación na USC                                                                                                            | Santiago | 10        | 28         |
| <b>TOTAIS</b>                                                                                                                                              |          | <b>62</b> | <b>568</b> |

2.3.1.3 Cursos de situacións de emerxencia para equipos de emerxencia

| FORMACION EMERXENCIAS                                | Nº ASISTENTES | DURACIÓN  |
|------------------------------------------------------|---------------|-----------|
| FACULTADE DE CIENCIAS POLÍTICAS/FACULTADE DE RRLL    | 20            | 1         |
| FACULTADE DE ENFERMERÍA                              | 15            | 1         |
| FACULTADE DE CIENCIAS DA COMUNICACIÓN                | 36            | 1         |
| ARQUIVO HISTÓRICO                                    | 10            | 1         |
| CIMUS                                                | 48            | 1         |
| CIBUS                                                | 11            | 1         |
| CACTUS                                               | 26            | 1         |
| IMATUS                                               | 31            | 1         |
| CEBEGA                                               | 14            | 1         |
| BIBLIOTECA CONCEPCIÓN ARENAL                         | 11            | 1         |
| MUSEO HISTORIA NATURAL                               | 6             | 1         |
| ALMACÉN DE RESIDUOS                                  | 3             | 1         |
| FACULTADE DE FÍSICA BLOQUES I, II E III              | 27            | 1         |
| RU BURGO DAS NACIÓNS                                 | 56            | 1         |
| CM FONSECA                                           | 17            | 1         |
| CM RODRÍGUEZ CADARSO                                 | 11            | 1         |
| FACULTADE DE XEOGRAFÍA E HISTORIA                    | 17            | 1         |
| ETSE                                                 | 32            | 1         |
| FACULTADE DE ADMINISTRACIÓN EN DIRECCIÓN DE EMPRESAS | 17            | 1         |
| CACTUS                                               | 13            | 1         |
| E.P.S. LUGO                                          | 34            | 1         |
| FACULTADE DE FORMACION DO PROFESORADO                | 10            | 1         |
| PAZO MONTENEGRO – DOMUS DO MITREO                    | 4             | 1         |
| R.U. BAL Y GAY                                       | 49            | 1         |
| FACULTADE DE VETERINARIA                             | 59            | 1         |
| E.P.S. LUGO                                          | 34            | 1         |
| FACULTADE DE FORMACION DO PROFESORADO                | 10            | 1         |
| PAZO MONTENEGRO – DOMUS DO MITREO                    | 4             | 1         |
| R.U. BAL Y GAY                                       | 49            | 1         |
| FACULTADE DE VETERINARIA                             | 59            | 1         |
| <b>TOTAL</b>                                         | <b>733</b>    | <b>30</b> |

## 2.4. DOCUMENTACIÓN

No ano 2025 sometéronse a consulta do CSS unha serie de documentos elaborados ou revisados polo SPR, que tamén procedeu á xestión dos distintos rexistros derivados da actividade preventiva.

Dentro das actividades de asesoramento e apoio que realiza o SPR inclúese a emisión de informes e información específica en materia de prevención de riscos laborais.

De seguido relacionase a documentación en materia de prevención de riscos laborais aprobada pola USC no ano 2025.

A ter en conta, asemade, que o SPR tamén elabora plans e programas que tamén se someten a consulta do CSS. Entre eles están o “plan de formación”, a “programación anual” e a “memoria anual”.

### 2.4.1. Documentación de Carácter Xeral

No ano 2025 non se modificaron documentos de carácter xeral.

### 2.4.2. Documentación do Sistema de Xestión ISO 45001

Consultouse en CSS a seguinte documentación específica do sistema de xestión de seguridade e saúde laboral ISO 45001:

- Programa de xestión 2025.
- Plan de Formación 2025.
- Programa Anual 2025 de auditorías internas.
- Informe de revisión do sistema 2024.
- Planificación e seguimento dos controis periódicos 2025.
- Análise de contexto de riscos 2025
- Indicadores dos procesos 2025
- Informe de auditoría interna
- Informe de auditoría externa
- Informe Auditoría Externa ETSE

## 2.5. PLANS DE AUTOPROTECCIÓN E PLANS DE EMERXENCIA

De acordo co disposto na Lei 31/1995 de prevención de riscos laborais, a USC debe analizar as posibles situacións de emerxencia e adoptar as medidas necesarias en materia de loita contra incendios, evacuación e primeiros auxilios. Para iso a USC elabora os plans de autoprotección dos seus centros, conforma os correspondentes equipos para facer fronte ás devanditas situacións de emerxencia e imparte a formación necesaria para que os integrantes destes equipos poidan cumprir co seu cometido.

Unha vez elaborados, os plans de autoprotección son actualizados, revisando as condicións de risco e os medios de protección dispoñibles e actualizando tamén a composición dos equipos de emerxencia e a súa propia formación.

Os plans de autoprotección sométense a unha comprobación do seu funcionamento, finalidade coa que se realizan simulacros. Esta comprobación faise de xeito periódico, repetíndose o simulacro con ocasión das actualizacións dos plans.

Algúns centros da USC contan con plan de autoprotección aínda que, polas súas características, non sexa legalmente esixible de acordo co disposto a tal efecto no Real Decreto 393/2007 que aproba a Norma Básica de Autoprotección. Outros centro da USC, dadas as súas características e polo feito de non ser esixido polo Real Decreto 393/2007, contan cun Plan de Emerxencia para poder cumprir igualmente co establecido a tal efecto na Lei 31/1995 de prevención de riscos laborais.

No ano 2016 asinouse acordo entre o Concello de Santiago e a USC no que se establece que o parque de bombeiros do Concello colaborará coa USC en actividades dos plans de autoprotección e na formación de persoal dos equipos en manexo de equipos de extinción e a USC pola súa banda impartirá formación o persoal do parque de bombeiros. Froito deste acordo os bombeiros impartiron dous cursos de manexo de extintores e participaron en varios simulacros na USC, e pola súa banda a USC incorporou a membros do parque de bombeiros no curso de Seguridade na utilización de botellas de gases e líquidos crioxénicos

### **2.5.1. Elaboración e implantación de novos plans de autoprotección**

Durante o ano 2025 non se elaboraron novos plans de autoprotección.

### 2.5.2. Revisión de plans de autoprotección

Durante o ano 2025 fixéronse as seguintes revisións de plans de autoprotección:

- Arquivo Histórico
- Centro de Biomedicina Experimental (CEBEGA)
- Escola Infantil Breogán
- Escola Politécnica Superior de Enxeñaría (EPSE)
- Facultade de Administración e Dirección de Empresas
- Facultade de Ciencias da Comunicación
- Facultade de Ciencias Políticas/Relacións Laborais
- Facultade de Enfermería
- Facultade de Matemáticas
- Facultade de Medicina
- Facultade de Psicoloxía
- Facultade de Veterinaria
- Instituto de Materiais iMATUS (Cerámica)
- Pazo de Montenegro / Museo A Domus do Mitreo

Non se realizaron as revisións dos seguintes plans a pesar de estar incluídos na programación de 2025:

- CIQUS
- Colexio Maior San Clemente (en obras)
- Edificio Emprendia (en obras)

- Facultade de Ciencias da Educación (Campus Norte)
- Facultade de Ciencias da Educación (Campus Vida)
- Facultade de Dereito
- Facultade de Farmacia
- Facultade de Filoloxía
- Facultade de Filosofía
- Facultade de Física (Bloques I,II e III) (en obras)
- Facultade de Física ( Bloques IV e V)
- Facultade de Humanidades e Aulario
- Facultade de Matemáticas
- Facultade de Medicina
- Facultade de Psicoloxía
- Instalacións Deportivas
- Instituto de Acuicultura

### 2.5.3. Mantemento de Plans de Autoprotección

Realizouse o mantemento dos plans de autoprotección dos centros que de seguido se relacionan:

- Almacén de residuos
- Biblioteca Concepción Arenal
- CACTUS Lugo
- CACTUS Santiago
- CIMUS
- CIBUS

- Colexio Maior Fonseca
- Colexio Maior Rodríguez Cadarso
- Escola Técnica Superior de Enxeñaría
- Facultade de Xeografía e Historia
- Laboratorio Láser de Aceleración y Aplicaciones (L2A2)
- Museo de Historia Natural Luis Iglesias (MHN)
- Pavillón Estudantil
- Residencia Universitaria Burgo das Nacións
- Residencia Universitaria Jesús Bal y Gay

Non foi posible realizar o mantemento dos plans de autoprotección dos centros que de seguido se relacionan a pesar de estar incluídos na programación 2025:

- Aulario Roberto Novoa Santos
- Biblioteca Intercentros / Edificio administrativo de Lugo
- Casa da Balconada
- CITIUS
- CRETUS
- Colexio de Fonseca (Biblioteca Xeral)
- Colexio de San Xerome (Reitoría)
- Facultade de Bioloxía
- Facultade de Ciencias
- Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais
- Facultade de Formación do Profesorado
- Facultade de Odontoloxía
- Facultade de Óptica e Optometría

- Facultade de Química
- Instituto de Investigación en Análises Químicas e Biolóxicas (IAQBUS)
- Laboratorio de Radiofísica
- Observatorio Astronómico
- Residencia Universitaria Monte da Condesa

#### **2.5.4. Elaboración de novos plans de emerxencia**

Durante o ano 2025 non se elaboraron novos plans de emerxencia.

#### **2.5.5 Revisión de plans de emerxencias**

Durante o ano 2025 fixéronse revisión e mantemento dos seguinte plans de emerxencias:

- Antigo Animalario
- Instituto de Desenvolvemento de Galicia (IDEGA)
- Evento Pavillón de Deportes

#### **2.5.6 Rexistro de plans de autoprotección**

Antes os plans rexistrábanse no REGAPE usando un usuario e chave da USC. Actualmente, débense inscribir no rexistro de plans de autoprotección da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Xerencia emitiu apoderamento ao persoal do SPR para xestionar esta inscrición. A necesidade de aportar datos distintos dos que se recollían habitualmente nos Plans fai que a inscrición vaia lenta.

## 2.6. VIXILANCIA DA SAÚDE

O Servizo de Vixilancia da Saúde leva a cabo as actividades necesarias para garantir a vixilancia do estado de saúde do persoal da USC de acordo co establecido na “instrución de vixilancia da saúde” e na normativa xeral de aplicación en materia de prevención de riscos laborais. Para iso, o Servizo de Vixilancia da Saúde leva a cabo as seguintes actuacións:

- Practica os recoñecementos médicos.
- Dispón a realización de exames complementarios e probas específicas que considere necesarias.
- Establece a periodicidade dos recoñecementos en función dos protocolos e da información facilitada polo SPR.
- Informa sobre os resultados dos recoñecementos ao persoal.
- Informa das conclusións dos recoñecementos en relación coa aptitude do persoal para o desempeño das funcións do posto de traballo.
- Informa ao SPR de danos para a saúde e insuficiencia de medidas preventivas.
- Respecta a confidencialidade da información relacionada co estado de saúde do persoal.
- Aplica criterios epidemiolóxicos aos resultados da vixilancia da saúde.
- Participa na investigación de accidentes e enfermidades profesionais.
- Coñece enfermidades e ausencias ao traballo por motivos de saúde.
- Avalía as consecuencias dos riscos laborais para traballadoras embarazadas e persoal especialmente sensible.
- Executa as campañas de vacinación.
- Fomenta a educación sanitaria e promove a saúde do persoal da USC.
- Presta atención de urxencia.
- Presta os primeiros auxilios.
- Presta asistencia sanitaria e farmacéutica aos traballadores e traballadoras da USC.
- Elabora, rexistra e arquiva a documentación derivada das actividades de vixilancia da saúde.
- Colabora cos servizos e autoridades sanitarias.

- En colaboración co resto das áreas do SPR, identifica riscos laborais e propón medidas de prevención e protección.
- Solicita consentimento para incorporación de datos a ficheiro informatizado.

A cuantificación dos datos das distintas actuacións levadas a cabo polo Servizo de Vixilancia da Saúde aparecen recollida no punto 2 da parte III desta memoria (outras actividades específicas do SPR).

## 2.7. OUTRAS ACTIVIDADES DE PREVENCIÓN E PROTECCIÓN

Recóllense neste apartado as outras actividades de prevención e protección máis significativas, realizadas de acordo con pautas establecidas en procedementos e instrucións de prevención de riscos laborais elaboradas ao efecto.

### 2.7.1. Xestión de equipos de protección individual

Desde o SPR lévanse a cabo as actuacións necesarias para garantir a protección dos traballadores/ras mediante a utilización de equipos de protección individual, cando non é posible a eliminación ou suficiente minoración dos riscos laborais mediante medios técnicos de protección colectiva ou mediante medidas, métodos ou procedementos de organización do traballo.

Para iso, desde o SPR realízanse as seguintes actuacións:

- Determinar, mediante a realización das avaliacións de riscos, os postos de traballo nos que debe recorrerse á utilización de equipos de protección individual.
- Determinar os equipos a utilizar en función dos riscos laborais dos que protexerse.
- Elaborar “listados de equipos de protección individual” a utilizar en cada centro.
- Asesorar aos responsables de centros e servizos na utilización do sistema informático de adquisición de equipos a través da web.
- Xestionar o sistema informático de adquisición de equipos a través da web.
- Proporcionar información e formación sobre equipos de protección individual.

### 2.7.2. Protección da maternidade

Desde o SPR lévanse a cabo as actividades necesarias para garantir a saúde das traballadoras en situación de embarazo ou parto recente e a do feto ou bebé lactante.

Con esa finalidade realízanse as seguintes actuacións:

- Informar ás traballadoras, no momento da súa incorporación á USC, das accións a realizar no caso de atoparse en situación de maternidade.
- Informar á traballadora que comunica a súa situación de maternidade sobre os riscos xerais, específicos e prohibicións.
- O Servizo de Vixilancia da Saúde valora a posible exposición das traballadoras, no seu posto de traballo, a riscos específicos para a maternidade.
- Avaliar de xeito específico, de considerarse necesario polo Servizo de Vixilancia da Saúde, as actividades laborais das traballadoras en situación de maternidade.
- Informar ás traballadoras dos resultados das avaliacións específicas realizadas para valoración do risco para a maternidade.
- Proponer adaptacións do posto de traballo de traballadoras en situación de maternidade.
- Proponer o cambio de posto de traballo de traballadoras en situación de maternidade.

### 2.7.3. Protección do persoal especialmente sensible

A incorporación de persoal coa consideración de especialmente sensible a determinados factores de riscos laborais implica que o SPR revise as avaliacións de riscos dos postos de traballo que vaian a ocupar, de xeito que se teñan en consideración as características específicas deste persoal e se leven a cabo as adaptacións pertinentes para o desempeño das actividades en condicións de seguridade e saúde.

A práctica da vixilancia da saúde implica a determinación da aptitude dos traballadores/ras para o desempeño da súa actividade profesional. As conclusións dos resultados dos recoñecementos médicos que implican informes de aptitude coa valoración de “non apto” ou “apto con restricións”, comunícanse aos responsables dos postos de traballo en cuestión, para que non se encomenden funcións que poidan poñer en perigo a seguridade ou saúde destes traballadores/ras.

As comunicacións do SPR de situacións de especial sensibilidade derivadas de informes de aptitude coa valoración de “apto con restricións”, tamén representan propostas de adaptación de postos de traballo na procura dun desempeño san e seguro das súas funcións.

#### 2.7.4. Coordinación de actividades empresariais

O SPR realiza actuacións destinadas a cumprir co deber de coordinación de actividades empresariais en materia de prevención de riscos laborais, asegurando que as actividades realizadas por persoal de empresas externas ou autónomos en lugares de traballo da USC cumpran coas medidas de seguridade e saúde establecidas na lexislación e nas propias normas internas da USC.

Con esa finalidade o SPR leva a cabo ou asesora as seguintes actuacións:

- Elaborar e aportar ás empresas externas a información relativa aos lugares de traballo da USC sobre riscos laborais, medidas de prevención e protección a adoptar e medidas de emerxencia.
- Requirir das empresas externas a información e documentación sobre relación de traballadores/ras, avaliación de riscos e medidas de control, acreditación da información, formación e aptitude do persoal, modelo organizativo da prevención e designación de interlocución en materia de prevención de riscos laborais.
- Determinar os medios de coordinación a establecer.
- Intercomunicarse coas empresas externas: intercambio de información, comunicación de instrucións ou realización de reunións de coordinación.
- Rexistrar e archivar documentación relativa á coordinación de actividades empresariais.

### 2.7.5. Proxectos e adquisicións

Desde o SPR realízanse actividades conducentes a asegurar na fase de deseño a adecuación dos novos centros e dependencias de traballo, procurando o cumprimento da normativa de aplicación en materia de prevención de riscos laborais.

Con esa finalidade o SPR leva a cabo as seguintes actuacións:

- Reunirse coas oficinas técnicas para valoración de pregos, anteprojectos e proxectos.
- Analizar pregos, anteprojectos e proxectos.
- Emitir informes aos “pregos de condicións técnicas particulares” e “anteprojectos de obra”.
- Emitir informes previos á recepción de centros de nova construción ou acondicionamento.
- Realizar as avaliacións iniciais de riscos dos centros de nova construción ou acondicionamento.

O SPR tamén leva a cabo actividades conducentes a asegurar que os equipos de traballo que se adquieran sexan axeitados para o traballo a realizar e garanten a seguridade e a saúde dos traballadores/ras que os utilicen, cumprindo cos requisitos esixidos pola normativa de carácter xeral ou específica vixente e por calquera norma técnica que sexa de aplicación en cada caso.

Para iso, o SPR emite informes sobre adecuación de equipos de traballo e mobiliario á normativa de aplicación e aos criterios ergonómicos.

Coa mesma finalidade preventiva, o SPR asesora e elabora instrucións e normas de seguridade para a adquisición e utilización de equipos de traballo e produtos químicos.

### 2.7.6. Desinfección, desinsectación e desratización

Desde o SPR realízanse actividades conducentes a asegurar que as aplicacións de tratamentos de desinfección, desinsectación e desratización se realicen coas medidas de seguridade necesarias para garantir a seguridade e saúde do persoal da USC e persoal de empresas externas que desenvolvan a súa actividade nos lugares de traballo nos que se realice a aplicación, así como dos posibles usuarios e visitantes en xeral.

Con esa finalidade o SPR leva a cabo ou asesora as seguintes actuacións:

- Requirir das empresas aplicadoras información e documentación sobre acreditacións da empresa e do seu persoal para realización do tratamento, produtos a utilizar e as súas características, método e protocolos de actuación e medidas de seguridade a adoptar.
- Revisar a documentación aportada polas empresas aplicadoras.
- Cumprir as medidas de seguridade establecidas nos protocolos de aplicación.
- Emitir informes sobre a procedencia dos tratamentos.
- Informar das medidas de seguridade a persoal dos centros tratados, persoal externo e visitantes.
- Rexistrar e archivar a documentación aportada por empresas aplicadoras.

### 3. MEDIDAS DE SEGUIMENTO E CONTROL

#### 3.1. ACCIDENTES DE TRABALLO E ENFERMIDADES PROFESIONAIS

No Servizo de Vixilancia da Saúde aténdese, en primeira instancia, ao persoal que sofre algún tipo de accidente de traballo. En caso de ser necesario, desde o Servizo de Vixilancia da Saúde envíase a persoa accidentada ao especialista que fora preciso.

O Servizo de Vixilancia da Saúde tamén leva a cabo a identificación de posibles enfermidades profesionais, procedendo á súa comunicación e investigación. A identificación destas enfermidades profesionais pode dar lugar á realización de avaliacións específicas por parte do SPR.

Ademais da notificación oficial de accidentes de traballo con baixa e da relación de accidentes sen baixa, procédese á súa investigación e control estatístico.

### 3.1.1. Investigación de accidentes e enfermidades profesionais

A investigación de accidentes, incidentes e enfermidades profesionais realízase de acordo co “procedemento de xestión de accidentes”.

Recibida a comunicación de accidente ou incidente determínanse as súas causas e propóñense as medidas correctoras que se estimen máis oportunas. A investigación de incidentes relacionados coas radiacións ionizantes corresponde ao Servizo de Protección Radiolóxica.

Os accidentes, incidentes e enfermidades profesionais notificados ao SPR e investigados para proposta de medidas correctoras foron os seguintes:

|                                                                            |    |
|----------------------------------------------------------------------------|----|
| Total de accidentes (con baixa e sen baixa) e incidentes comunicados ..... | 49 |
| Accidentes in itinere .....                                                | 10 |
| Accidentes en posto de traballo .....                                      | 39 |
| Accidentes en desprazamento .....                                          | 0  |
| Accidentes con baixa .....                                                 | 6  |
| Accidentes sen baixa .....                                                 | 33 |

### 3.1.2. Estatística de accidentes

Cos datos dos accidentes lévase a cabo un control estatístico que, ademais da súa clasificación, permite observar a evolución anual da sinistralidade na USC.

Sinalar neste apartado que os datos da sinistralidade laboral non coinciden co número de accidentes rexistrados como investigados debido a que o apartado de investigación inclúe incidentes e os accidentes sen baixa atendidos polo Servizo de Vixilancia da Saúde, mentres que os datos estatísticos só fan referencia aos accidentes con baixa.

#### Resumo numérico

|                                          | Baixas | Recaídas | Días* | En curso | Tráficos |
|------------------------------------------|--------|----------|-------|----------|----------|
| <b>Accidentes en xornada de traballo</b> | 2      | 0        | 9     | 0        | 0        |
| No seu centro de traballo                | 2      | 0        | 9     | 0        | 0        |
| Noutro centro de traballo                | 0      | 0        | 0     | 0        | 0        |
| En desprazamento                         | 0      | 0        | 0     | 0        | 0        |
| <b>Accidentes in itinere</b>             | 4      | 0        | 211   | 2        | 1        |
| <b>Enfermidades profesionais</b>         | 0      | 0        | 0     | 0        | Non      |
| <b>Total</b>                             | 6      | 0        | 220   | 2        | 1        |

\*Días de baixas e recaídas iniciadas no período

|                                          | Leves | Graves | Moi graves | Falecidos |
|------------------------------------------|-------|--------|------------|-----------|
| <b>Accidentes en xornada de traballo</b> | 2     | 0      | 0          | 0         |
| No seu centro de traballo                | 2     | 0      | 0          | 0         |
| Noutro centro de traballo                | 0     | 0      | 0          | 0         |
| En desprazamento                         | 0     | 0      | 0          | 0         |
| <b>Accidentes in itinere</b>             | 4     | 0      | 0          | 0         |
| <b>Enfermidades profesionais</b>         | 0     | 0      | 0          | 0         |
| <b>Total</b>                             | 6     | 0      | 0          | 0         |

|                           | Leves | Graves | Moi graves | Falecidos |
|---------------------------|-------|--------|------------|-----------|
| Tráficos en desprazamento | 0     | 0      | 0          | 0         |
| Tráficos in itinere       | 1     | 0      | 0          | 0         |
| <b>Total</b>              | 1     | 0      | 0          | 0         |

#### Por data de accidente

|                      |    |
|----------------------|----|
| Accidentes con baixa | 6  |
| Accidentes sen baixa | 33 |

#### Con baixa Sen baixa

|                                |   |   |
|--------------------------------|---|---|
| Enfermidades profesionais      | 0 | 1 |
| Períodos de observación por EP | 0 | 2 |
| <b>Total</b>                   | 0 | 3 |

#### Xan.25 Dec.25

#### Ministerio

|                                                  |      |         |
|--------------------------------------------------|------|---------|
| Índice de incidencia accidentes en xornada       | 38,2 | 705,4   |
| Índice de incidencia accidentes en desprazamento | 0    | Non hai |
| Índice de incidencia accidentes in itinere       | 76,4 | 325     |
| Índice de frecuencia accidentes en xornada       | 0,2  | 5,4     |
| Índice de gravidade accidentes en xornada        | 0    | 0,21    |
| Duración media accidentes en xornada*            | 4,5  | 39,2    |
| Índice de incidencia enfermidades profesionais   | 57,3 | 32,7    |

Non se contabilizan as recaídas e nos pendentes de alta tómanse a data estimada indicada no parte de IT

### Datos segregados por sexo:

|                                  | Baixas |   | Recaídas |   | Días |    | En curso |   | Tráficos |     |
|----------------------------------|--------|---|----------|---|------|----|----------|---|----------|-----|
|                                  | M      | H | M        | H | M*   | H* | M        | H | M        | H   |
| <b>Accidentes en xornada</b>     | 1      | 1 | 0        | 0 | 3    | 6  | 0        | 0 | 0        | 0   |
| No seu centro                    | 1      | 1 | 0        | 0 | 3    | 6  | 0        | 0 | 0        | 0   |
| Noutro centro                    | 0      | 0 | 0        | 0 | 0    | 0  | 0        | 0 | 0        | 0   |
| En desprazamento                 | 0      | 0 | 0        | 0 | 0    | 0  | 0        | 0 | 0        | 0   |
| <b>Accidentes in itinere</b>     | 3      | 1 | 0        | 0 | 118  | 93 | 2        | 0 | 0        | 1   |
| <b>Enfermidades profesionais</b> | 0      | 0 | 0        | 0 | 0    | 0  | 0        | 0 | Non      | Non |
| <b>Total</b>                     | 4      | 2 | 0        | 0 | 121  | 99 | 2        | 0 | 0        | 1   |

\*Días de baixas e recaídas iniciadas no período

|                                  | Leves |   | Graves |   | Moi graves |   | Falecidos |   |
|----------------------------------|-------|---|--------|---|------------|---|-----------|---|
|                                  | M     | H | M      | H | M          | H | M         | H |
| <b>Accidentes en xornada</b>     | 1     | 1 | 0      | 0 | 0          | 0 | 0         | 0 |
| No seu centro                    | 1     | 1 | 0      | 0 | 0          | 0 | 0         | 0 |
| Noutro centro                    | 0     | 0 | 0      | 0 | 0          | 0 | 0         | 0 |
| En desprazamento                 | 0     | 0 | 0      | 0 | 0          | 0 | 0         | 0 |
| <b>Accidentes in itinere</b>     | 3     | 1 | 0      | 0 | 0          | 0 | 0         | 0 |
| <b>Enfermidades profesionais</b> | 0     | 0 | 0      | 0 | 0          | 0 | 0         | 0 |
| <b>Total</b>                     | 4     | 2 | 0      | 0 | 0          | 0 | 0         | 0 |

|                           | Leves |   | Graves |   | Moi graves |   | Falecidos |   |
|---------------------------|-------|---|--------|---|------------|---|-----------|---|
|                           | M     | H | M      | H | M          | H | M         | H |
| Tráficos en desprazamento | 0     | 0 | 0      | 0 | 0          | 0 | 0         | 0 |
| Tráficos in itinere       | 0     | 1 | 0      | 0 | 0          | 0 | 0         | 0 |
| <b>Total</b>              | 0     | 1 | 0      | 0 | 0          | 0 | 0         | 0 |


|                      | Por data de accidente |    |
|----------------------|-----------------------|----|
|                      | M                     | H  |
| Accidentes con baixa | 4                     | 2  |
| Accidentes sen baixa | 18                    | 15 |

|                                | Con baixa |   | Sen baixa |   |
|--------------------------------|-----------|---|-----------|---|
|                                | M         | H | M         | H |
| Enfermidades profesionais      | 0         | 0 | 1         | 0 |
| Períodos de observación por EP | 0         | 0 | 1         | 1 |
| <b>Total</b>                   | 0         | 0 | 2         | 1 |

|                                                  | Mulleres | Homes | Xan.25<br>Dec.25 | Ministerio |
|--------------------------------------------------|----------|-------|------------------|------------|
| Índice de incidencia accidentes en xornada       | 29,9     | 53,1  | 38,2             | 705,4      |
| Índice de incidencia accidentes en desprazamento | 0        | 0     | 0                | Non hai    |
| Índice de incidencia accidentes in itinere       | 89,6     | 53,1  | 76,4             | 325        |
| Índice de frecuencia accidentes en xornada       | 0,2      | 0,3   | 0,2              | 5,4        |
| Índice de gravidade accidentes en xornada        | 0        | 0     | 0                | 0,21       |
| Duración media accidentes en xornada*            | 3        | 6     | 4,5              | 39,2       |
| Índice de incidencia enfermidades profesionais   | 59,7     | 53,1  | 57,3             | 32,7       |

Non se contabilizan as recaídas e nos pendentes de alta tómasse a data estimada indicada no parte de IT


## Número de baixas por tipoloxía



Non se inclúen baixas de enfermidades profesionais en estudo

## Duración media de accidentes en xornada de traballo

Días de baixa dos accidentes en xornada con baixa iniciada no período\*/ n° de accidentes en xornada.




DM Ministerio 2024 división CNAE 85 - Educación: 39,2

Non se contabilizan as recaídas e nos pendentes de alta tómasse a data estimada indicada no parte de IT

## Índice de incidencia de cada tipoloxía

Índice para accidentes: (nº accidentes con baixa / nº traballadores) x 100.000 para cada tipoloxía


Índice para enfermidades profesionais: (nº enfermidades profesionais comunicadas con baixa e sen baixa / nº traballadores) x 100.000



Inclúe as enfermidades profesionais confirmadas e as que están en estudo

## Índice de incidencia dos accidentes en xornada de traballo con baixa


(Nº de accidentes en xornada de traballo con baixa / nº traballadores)\*100.000



II Ministerio \*\* 2024 división CNAE 85 - Educación: 705,4

## Índice de incidencia por mes dos accidentes en xornada de traballo con baixa

(Nº accidentes mensuais en xornada de traballo con baixa / nº traballadores mensuais) x 100.000




### Nº accidentes

|      | Xan. | Feb. | Mar | Abr. | Mai. | Xuñ. | Xul. | Ago. | Set. | Out. | Nov. | Dec. |
|------|------|------|-----|------|------|------|------|------|------|------|------|------|
| 2024 | 0    | 2    | 0   | 2    | 0    | 0    | 1    | 1    | 1    | 2    | 0    | 0    |
| 2025 | 1    | 0    | 0   | 0    | 1    | 0    | 0    | 0    | 0    | 0    | 0    | 0    |

## Índice de frecuencia dos accidentes en xornada de traballo con baixa


(Nº accidentes en xornada de traballo con baixa / (nº traballadores x horas traballadas no período)) x 1.000.000



IF Ministerio \*\* 2024 sección CNAE P - Educación: 5,4

## Índice de gravidade dos accidentes en xornada de traballo con baixa


(Días de accidentes en xornada, iniciados en período / (nº traballadores x horas traballadas no período)) x 1.000



IG Ministerio \*\* 2024 sección CNAE P - Educación: 0,21


Non se contabilizan as recaídas e nos pendentes de alta tómasse a data estimada indicada no parte de IT

## Número de baixas e recaídas por tramos de duración en días



Non se inclúen baixas nin recaídas de enfermidades profesionais en estudo


## Número de baixas segundo a idade



Non se inclúen tramos de idade sen baixas


Non se inclúen baixas de enfermidades profesionais en estudo

## Número de baixas segundo xénero



Non se inclúen baixas de enfermidades profesionais en estudo


## Número de baixas segundo antigüidade no posto




Non se inclúen baixas de enfermidades profesionais en estudo

## Análise dos accidentes con baixa no período


### Accidentes por día da semana




## Accidentes por hora do día



## Accidentes por hora de xornada laboral




## Accidentes en xornada de traballo segundo a descrición da lesión




Non se mostran as lesións sen casuística

Os accidentes sen baixa inclúen tanto accidentes en xornada de traballo como accidentes "in itinere"


## Accidentes en xornada de traballo segundo a parte do corpo lesionada



Os accidentes sen baixa inclúen tanto accidentes en xornada de traballo como accidentes "in itinere"




## Accidentes en xornada de traballo segundo forma de contacto



Non se mostran formas de contacto sen casuística


Os accidentes sen baixa inclúen tanto accidentes en xornada de traballo como accidentes "in itinere"

## Accidentes en xornada de traballo segundo aparello ou axente material causante



Non se mostran axentes materiais sen casuística

## Desviación dos accidentes en xornada de traballo




Non se mostran desviacións sen casuística

### 3.1.3. Identificación e investigación de enfermidades profesionais

No ano 2025 comunicáronse a través da Mutua tres enfermidades profesionais sen baixa.


#### Índice de incidencia das enfermidades profesionais

(Nº enfermidades profesionais comunicadas con baixa e sen baixa / nº traballadores) x 100.000




II Ministerio \*\* 2023 sección CNAE P - Educación: 32,7  
Inclúe as enfermidades profesionais e os períodos de observación por EP

#### Enfermidades profesionais e períodos de observación por EP clasificadas por grupo de enfermidade



Grupo 1: Enfermidades profesionais causadas por axentes químicos  
 Grupo 2: Enfermidades profesionais causadas por axentes físicos  
 Grupo 3: Enfermidades profesionais causadas por axentes biolóxicos  
 Grupo 4: Enfermidades profesionais causadas por inhalación de substancias e axentes non comprendidos noutros apartados  
 Grupo 5: Enfermidades profesionais da pel causadas por substancias e axentes non comprendidos nalgún dos outros apartados  
 Grupo 6: Enfermidades profesionais causadas por axentes carcinóxenos

### Grupo e axente causante segundo baixa médica



### 3.2. COMUNICADOS DE RISCOS

As distintas deficiencias, situacións de risco, suxerencias ou propostas de mellora comunicadas polo persoal da USC xestiónanse de acordo co disposto na “instrución de comunicación de riscos laborais”.

Durante o ano 2025 foron recibidos e xestionados un total de 48 comunicados de riscos. A súa procedencia, condicións comunicadas, e actuacións xeradas analízanse nas seguintes táboas.

### 3.2.1. Comunicados. Condicións comunicadas e actuacións xeradas

|                                                                       |    |
|-----------------------------------------------------------------------|----|
| Comunicados de risco recibidos .....                                  | 48 |
| Comunicados de risco totalmente pechados .....                        | 41 |
| Comunicados de risco con algunha actuación pendente de realizar ..... | 7  |
| Condicións comunicadas .....                                          | 48 |
| Actuacións xeradas polos comunicados de risco recibidos .....         | 48 |
| Actuacións rematadas .....                                            | 41 |
| Actuacións pendentes de rematar .....                                 | 7  |

### 3.2.2. Procedencia dos comunicados de riscos

| CENTRO                  | UNIDADE                             |
|-------------------------|-------------------------------------|
| Area TIC                | Servizos á Docencia e investigación |
| Bibl. Concepción Arenal | Biblioteca                          |
| Biblioteca Intercentros | Oficina de Servizos                 |
| Biblioteca Xeral        | Servizo de Información              |
| C.M. Cadarso            | Sala de caldeiras                   |
| CACTUS                  | Espectroscopia masas                |
| CACTUS                  | Microscopía Óptica Confocal         |
| Campus Lugo             | Area de cultura                     |
| Casa da Balconada       | Negociado de Patrimonio             |
| Casa Gradín             | Conserxería                         |
| CEBEGA                  | Non comunicada                      |
| chalet 3                | chalet 3                            |
| CIBUS                   | Laboratorios 1, 2, p1               |
| CIMUS                   | CIMUS                               |
| CIMUS                   | Laboratorios 6,7 P1                 |
| CIQUS                   | CIQUS                               |
| CIQUS                   | Química Orgánica (Laboratorio P1L2) |
| CIQUS                   | Química Orgánica (Laboratorio P3L4) |
| Citius                  | CPD                                 |
| Colexio Fonseca         | Gabinete de Comunicación            |
| D. Química Analítica    | F. Farmacia                         |
| D. Xeografía            | F. Xeografía e Hª                   |
| Deportes                | Campo de Fútbol                     |
| Ed. Emprendia           | D. Electrónica e Computación        |
| Edificio CACTUS         | Microscopía Óptica Confocal         |
| Edificio Emprendia      | D. Electrónica e computación        |
| EMPRENDIA               | PAIS                                |
| ETSE                    | Dpto. Enxeñaría Química             |
| ETSE                    | Edificio                            |
| F. CC. Educación        | D. Didacticas Aplicadas             |
| F. Ciencias             | Laboratorios                        |
| F. Enfermaría           | F. Enfermaría                       |
| F. Farmacia             | Química Orgánica                    |
| F. Filosofía            | Edificio                            |
| F. Física               | Decanato                            |

|                        |                             |
|------------------------|-----------------------------|
| F. Física              | Lab. 29 e 31 PB, Bloque III |
| F. Física              | PAIS                        |
| F. Química             | Biblioteca                  |
| F. Veterinaria         | D. Xenética                 |
| F. Veterinaria         | Sala de lectura             |
| Pavillon estudiantil   | EUNIWELL                    |
| Piscina Universitaria  | Centro                      |
| Piscina Universitaria  | Piscina                     |
| R.U. Bal e Gay         | Conserxería                 |
| R.U. Burgo das Nacións | PAIS                        |
| Reitoría               | SXOPRA                      |
| Reitoría               | SXOPRA                      |
| Xeografía e Historia   | Historia                    |

### 3.2.3. Condicións comunicadas

| RISCO                   | Número |
|-------------------------|--------|
| Alturas                 | 1      |
| Avaliación              | 2      |
| Axentes Biolóxicos      | 1      |
| Carga Postural          | 1      |
| Cont. Químicos          | 5      |
| Contaminantes           | 1      |
| Contaminates biolóxicos | 1      |
| Disconfort acústico     | 1      |
| Edificio                | 4      |
| Emerxencias             | 2      |
| Ergonomía               | 3      |
| Iluminación             | 1      |
| Instalacións            | 1      |
| Lugar de traballo       | 6      |
| Normativa               | 2      |
| Orde e limpeza          | 1      |
| Psicosocial             | 4      |
| Radón                   | 1      |
| Ruido                   | 3      |
| Sobreesforzos           | 1      |
| Temperatura             | 5      |
| Ventilación             | 1      |

#### 3.2.4. Actuacións xeradas

|                   |    |
|-------------------|----|
| Inspección.....   | 33 |
| Avaliación.....   | 1  |
| Comunicación..... | 14 |
| Arquivo .....     | 0  |

### 3.3. INSPECCIÓN DE SEGURIDADE, OBSERVACIÓNS DO TRABALLO E CONTROIS AMBIENTAIS

Mediante as inspección de seguridade e as observacións de traballo o SPR realiza controis periódicos das condicións de traballo e da actividade dos traballadores/ras para detectar situacións potencialmente perigosas, verificar a idoneidade das medidas de prevención e protección e garantir os comportamentos seguros e a mellora continua das condicións de traballo.

En 2025, dentro da planificación do sistema de xestión de seguridade e saúde laboral ISO 45001, realizáronse controis nos seguintes centros:

- Colexio Maior Fonseca.
- Colexio Maior Rodríguez Cadarso
- Colexio Maior San Clemente.
- Escola Infantil Breogán.
- Escola Técnica Superior de Enxeñaría
- Instituto de Cerámica.
- Residencia Universitaria Burgo das Nacións.
- Residencia Universitaria Jesús Bal y Gay.
- Residencia Universitaria Monte da Condesa.

O SPR realizou outras inspeccións de seguridade, fora de planificación, para valorar situacións informadas mediante “comunicados de risco”. Estas inspeccións de seguridade aparecen cuantificadas no apartado de “comunicados de riscos” desta memoria (punto 3.2. da parte II).

A recepción de “comunicados de riscos” e os datos derivados dos resultados das actividades de vixilancia da saúde tamén deron lugar á realización de controis ambientais en centros e lugares de traballo, aos efectos de comprobación, valoración e proposta de medidas de prevención e protección.

## 4. REUNIÓN

A planificación da actividade preventiva e a implantación das medidas preventivas precisa dun traballo de elaboración conxunta e dunha continua posta en común e intercomunicación. Aparte da utilización das distintas posibilidades de intercambio e intercomunicación das que se pode tecnicamente dispoñer, está regulado e implantado un sistema de reunións que contribúen a garantir a interdisciplinariedade do funcionamento do SPR.

Ademais das reunións conxuntas de todo o SPR, ás que asisten a totalidade dos responsables das distintas áreas e persoal técnico do servizo de prevención concertado, celébranse reunións específicas ás que acoden as áreas e persoal directamente relacionados coa actividade de que se trate.

#### 4.1.- REUNIÓN XERAIS DO SPR

En cumprimento da lexislación vixente en materia de prevención de riscos laborais, as distintas áreas do SPR actúan de xeito interdisciplinar. A interdisciplinabilidade non se esgota no servizo de prevención propio da USC senón que tamén comprende o servizo concertado.

Para iso, garantindo a necesaria coordinación e integración do conxunto da actividade preventiva levada a cabo na USC, as persoas responsables das distintas áreas do SPR e o persoal técnico do servizo de prevención concertado realizan reunións conxuntas.

Durante o ano 2025 celebráronse reunións xerais do SPR nas seguintes datas:

- 18 de marzo
- 22 de xuño
- 29 de setembro

#### 4.2. OUTRAS REUNIÓN S DO SPR

Non se recollen nesta memoria as datas de celebración destas reunións. De entre este tipo de reunións pódense mencionar as seguintes:

- Reunións para seguimento e control do sistema de seguridade e saúde laboral implantado en determinados centros da USC de acordo coa especificación ISO 45001.
- Reunións para posta en común das avaliacións de riscos coas oficinas técnicas: Oficina de Arquitectura e Urbanismo e Oficina de Xestión do Infraestruturas.
- Reunións con Xerencia para seguimento da planificación e seguimento de actividades preventivas
- Reunións en centros para asesoramento e seguimento das actividades preventivas.

#### **4.3. REUNIÓN DO COMITÉ DE SEGURIDADE E SAÚDE**

As persoas responsables das distintas áreas que compoñen o SPR participan nas reunións do CSS, en calidade de representantes da USC.

O persoal técnico do servizo de prevención concertado tamén participa nas reunións do CSS da USC en calidade de convidados, podendo así contar co seu informe e/ou asesoramento.

Durante o ano 2025 celebráronse reunións do CSS nas seguintes datas:

- 19 de marzo
- 23 de xuño
- 30 de setembro

## 5. SISTEMA DE XESTIÓN ISO 45001

A USC dispón dun sistema de xestión de Seguridade e Saúde Laboral, certificado de acordo coa especificación ISO 45001, implantado nos seguintes centros:

- Colexio Maior Fonseca.
- Colexio Maior Rodríguez Cadarso.
- Colexio Maior San Clemente.
- Escola Infantil Breogán.
- Escola Técnica Superior de Enxeñaría.
- Instituto de Cerámica.
- Residencia Universitaria Burgo das Nacións.
- Residencia Universitaria Jesús Bal y Gay.
- Residencia Universitaria Monte da Condesa.

### 5.1. MANTEMENTO DO SISTEMA

A implantación e mantemento do sistema de seguridade e saúde laboral ISO 45001 conta co asesoramento e apoio técnico do SPR, a través de visitas e reunións específicas en cada un dos centros e das reunións do Grupo de Traballo de Prevención de Riscos Laborais, que realiza un seguimento periódico de todas as actividades preventivas.

Para mantemento do Sistema, o Servizo de Vixilancia da Saúde adecúa as súas actividades aos requirimentos da especificación na práctica da vixilancia da saúde do persoal dos centros de alcance do sistema.

### 5.1.1. Implantación dos requisitos da especificación ISO 45001

Para asegurar o cumprimento da especificación ISO 45001 implantáronse procedementos que permitiran adecuar as actividades preventivas aos seus requirimentos. Esta concreción dos requisitos da especificación ISO 45001 en procedementos lévase a cabo segundo se mostra na seguinte táboa.

|                          | <b>Requisitos ISO 45001</b>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                           | <b>Procedementos USC</b>                                                                                                                                                                                                                                             |
|--------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Planificación            | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Identificación de perigos, avaliación de riscos e determinación de controis</li> <li>- Requisitos legais e outros</li> <li>- Obxectivos e programa</li> </ul>                                                                                                                                                                                | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Avaliación de riscos e implantación das medidas de control</li> <li>- Requisitos legais e outros requisitos</li> <li>- Obxectivos, metas e programas</li> </ul>                                                             |
| Implantación e operación | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Recursos, roles, responsabilidades, responsabilidade laboral e autoridade</li> <li>- Competencia, formación e toma de conciencia</li> <li>- Comunicación, participación e consulta</li> <li>- Documentación</li> <li>- Control da documentación</li> <li>- Control operacional</li> <li>- Preparación e resposta ante emerxencias</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Estrutura e responsabilidades</li> <li>- Formación</li> <li>- Consulta e comunicación</li> <li>- Documentación e rexistros</li> <li>- Control operacional, seguimento e medición</li> <li>- Emerxencias</li> </ul>          |
| Verificación             | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Seguimento e medición</li> <li>- Avaliación do cumprimento legal</li> <li>- Investigación de incidentes, non conformidade, acción correctiva e acción preventiva</li> <li>- Control dos rexistros</li> <li>- Auditoría interna</li> </ul>                                                                                                    | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Control operacional, seguimento e medición</li> <li>- Xestión de accidentes</li> <li>- Non conformidades</li> <li>- Accións correctoras e preventivas</li> <li>- Documentación e rexistros</li> <li>- Auditorías</li> </ul> |
| Revisión pola Dirección  | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Revisión pola Dirección</li> </ul>                                                                                                                                                                                                                                                                                                           | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Revisión do sistema</li> </ul>                                                                                                                                                                                              |

### 5.1.2. Estrutura do sistema

Para levar a cabo a implantación e mantemento do sistema configurouse a estrutura que se mostra na seguinte táboa.

| Órgano                                                     | Funcións e responsabilidades xerais                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                 |
|------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Xerencia                                                   | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Máximo responsable do sistema</li> <li>- Sen prexuízo das responsabilidades que poidan corresponder aos demais órganos de goberno (Reitor, Vicerreitores e Consello de Goberno) en función das competencias e responsabilidades asignadas no “plan de prevención de riscos laborais”</li> </ul>                                                                                                            |
| Responsable do sistema                                     | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Responsable da Oficina de Xestión do Servizo de Prevención</li> <li>- Asegura a implantación e mantemento do sistema</li> <li>- Informa a Xerencia sobre a marcha do proceso</li> </ul>                                                                                                                                                                                                                    |
| Direccións dos centros                                     | Responsables da implantación efectiva do sistema nos centros                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                        |
| Grupo de Traballo de Prevención de Riscos Laborais         | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Formado polo responsable do sistema e as direccións dos centros</li> <li>- Reúnese trimestralmente ou cando o require a situación, convocado polo responsable do sistema</li> <li>- Realiza o seguimento da implantación e mantemento do sistema analizando a implantación de todas as actividades preventivas</li> <li>- Recolle o seu traballo en actas e “informes de seguimento e medición”</li> </ul> |
| Comité de Seguridade e Saúde e delegados/das de prevención | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Garanten o cumprimento dos dereitos de participación</li> <li>- Consultan a documentación</li> <li>- Consultan toda actuación con posible repercusión na seguridade e saúde laboral</li> </ul>                                                                                                                                                                                                             |

## 5.2. AUDITORÍAS E MANTEMENTO DA CERTIFICACIÓN

A implantación e eficacia do sistema mediuse mediante auditoría interna, realizada por una empresa consultora os días 31 de marzo e 1 de abril. A auditoría alcanzou á totalidade da documentación e xestión do SPR e á implantación do sistema nos centros certificados. Visitáronse os seguintes centros: Escola Infantil Breogán, Colexio Maior Rodríguez Cadarso, Escola Técnica Superior de Enxeñaría, IMATUS e Residencia Universitaria Monte da Condesa. Emitiuse un informe conxunto de auditoría para todos os centros.

Dos días 28 a 30 de abril de 2025 AENOR realizou a auditoría de segundo seguimento dos centros certificados ISO 45001 (Excluindo a ETSE o estar a certificación suspendida).

Os informes de auditoría foron minuciosamente analizados no Grupo de Traballo de Prevención de Riscos Laborais, informados á dirección e consultados en CSS. Abríronse as correspondentes accións correctoras para tratamento das non conformidades dos informes de auditoría, realizáronse as xestións e actuacións programadas e verificouse a súa implantación.

Como evidencia destas accións correctivas presentouse a AENOR, o 13 de xuño, un “plan de accións correctivas”.

Por parte de AENOR se solicita Ampliación do PAC con data 30 de xuño de 2025, Concedendo un prazo de 15 días para aportar a ampliación do PAC. Remitida ampliación do PAC o 14 de xullo, AENOR certificou a continuidade dos certificados.

Os días 11 e 12 de decembro AENOR realizou auditoría de 2º seguimento e levantamento de suspensión da ETSE.

Presentándose, o día 26 de xaneiro de 2026, PAC coas actuacións levadas a cabo para resolver as non conformidades detectadas na auditoría.

### 5.3. ACTIVIDADES ESPECÍFICAS DO SISTEMA

Entre as tarefas de mantemento do sistema de xestión de seguridade e saúde laboral ISO 45001, cabe mencionar as que de seguido se relacionan por poder considerarse diferenciadas das realizadas respecto do resto dos centros da USC.

- Requisitos legais e outros requisitos voluntariamente asumidos. Identificación periódica, comunicación a partes interesadas e verificación e avaliación do seu cumprimento
- Programa. Plantexamento de obxectivos e metas voluntarios, para mellora continua do sistema e seguimento e avaliación da súa consecución.
- Formación. Identificación de novas necesidades formativas, elaboración de programa específico de formación para o sistema e implementación e avaliación das accións formativas programadas.
- Comunicación. Xestión e rexistro das comunicacións de entrada e saída relacionadas co sistema.
- Non conformidades e accións correctoras/preventivas. Apertura, xestión, seguimento e peche de non conformidades e accións correctoras/preventivas.
- Planificación preventiva. Actualización da planificación das medidas de control dos riscos propostas nas avaliación de riscos.
- Emerxencias. Actualización da planificación das medidas correctoras propostas nos “plans de autoprotección” e nos “informes de simulacro”.
- Empresas externas. Identificación de novas contratacións, implementación da coordinación de actividades empresariais e comunicación dos requisitos do sistema.
- Controis periódicos. Realización de controis periódicos das condicións de traballo e das actividades dos traballadores/ras e planificación das medidas correctoras propostas nos informes destes controis.
- Mantemento de instalacións. Revisións periódicas de instalacións sometidas a regulamentación industrial e seguimento do seu mantemento.
- Revisión do Sistema pola Dirección. Aportación de datos para a revisión do Sistema.
- Programacións. Elaboración do “programa do sistema de xestión” e dos programas de formación e auditorías.

### **III. OUTRAS ACTIVIDADES ESPECÍFICAS DO SPR**

## 1. VIXILANCIA DA SAÚDE

A vixilancia da saúde dos traballadores da USC abarca unha serie de actividades, referidas tanto a individuos coma a colectividades, orientadas á prevención dos riscos laborais. Basicamente consiste no control sistemático e continuo dos episodios relacionados coa saúde nos traballadores coa finalidade de identificar os problemas de saúde e a posterior avaliación de intervencións preventivas. Para acadar estes obxectivos o Servizo de Vixilancia da Saúde basease nas seguintes actuacións:

- Avaliación da saúde dos traballadores mediante a realización de recoñecementos médicos personalizados.
- Análises dos resultados da vixilancia da saúde dos traballadores e da avaliación de riscos co fin de investigar as posibles relacións entre a exposición, os riscos e os prexuízos para a saúde.
- Análises das consultas médicas atendidas, tanto consultas programadas coma urxentes, que permite detectar traballadores especialmente sensibles ou riscos que poidan afectar á colectividade de traballadores.
- Análises das baixas laborais coa finalidade de identificar calquera relación entre a causa de enfermidade ou ausencia ao traballo e os riscos para a saúde que poidan existir no lugar de traballo.
- Análises dos accidentes laborais e estudo das enfermidades profesionais, como fonte de información para o coñecemento dos riscos laborais.
- Estudo e valoración dos riscos que poidan afectar ás traballadoras en situación de embarazo e parto recente e aos traballadores especialmente sensibles a determinados riscos.
- Promoción da saúde dos traballadores así como formación e información sobre os riscos para a saúde no seu traballo.
- Formación en materia de emerxencias médicas.

As táboas que seguen tratan de sintetizar as actividades realizadas polo Servizo de vixilancia da Saúde no ano 2025. As dúas primeiras clasifican estas actividades e as restantes aportan datos numéricos das actuacións realizadas. Aínda que se contabilizan conxuntamente as dos campus de Santiago e Lugo, na memoria específica do Servizo de Vixilancia da Saúde analízanse todos os datos segregados por campus. Esta memoria específica do Servizo de Vixilancia da Saúde tamén contén datos pormenorizados sobre as distintas actividades de todos os seus profesionais.

## 1.1. ACTIVIDADES DE VIXILANCIA DA SAÚDE

### 1.1.1. Educación sanitaria, promoción da saúde e prevención da enfermidade

|                                                                                                      |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Educación sanitaria (hixiene persoal e laboral, actividade física, alimentación, estrés, sono, etc.) |
| Promoción da saúde (logro do maior grao de benestar físico, psíquico e social)                       |
| Prevención de riscos cardiovasculares                                                                |
| Prevención do estrés                                                                                 |
| Detección de perda de oído                                                                           |
| Diagnostico precoz de glaucoma                                                                       |
| Detección de ollo seco                                                                               |
| Detección precoz de acoso laboral                                                                    |
| Prevención de alcoholismo e outras toxicomanías                                                      |
| Prevención do tabaquismo. Deshabitución tabáquica                                                    |
| Prevención e diagnóstico precoz da hipertensión arterial                                             |
| Prevención da obesidade (control de peso e de perímetro abdominal)                                   |
| Prevención de lesións musculoesqueléticas en lombo                                                   |
| Prevención / diagnóstico precoz do cancro (colon, mama e próstata)                                   |
| Prevención de accidentes laborais                                                                    |
| Diagnóstico e prevención da patoloxía da voz (nódulos en cordas vogais)                              |
| Prevención de enfermidades infecto-contaxiosas / campañas de vacinación                              |

### 1.1.2. Vixilancia da saúde

|                                                      |            |                                                              |
|------------------------------------------------------|------------|--------------------------------------------------------------|
| Vixilancia individual<br>(recoñecementos<br>médicos) | Tipos      | Iniciais                                                     |
|                                                      |            | Periódicos                                                   |
|                                                      |            | Despois de ausencia prolongada por enfermidade               |
|                                                      | Obxectivos | Detección precoz                                             |
|                                                      |            | Identificación de traballadores especialmente sensibles      |
|                                                      |            | Adaptación do posto de traballo aos traballadores            |
| Vixilancia colectiva<br>(estudos<br>epidemiolóxicos) | Fontes     | Análise dos resultados da vixilancia individual              |
|                                                      |            | Estudo dos accidentes de traballo                            |
|                                                      |            | Estudo das enfermidades profesionais                         |
